



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Maio 2022

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Maio 2022

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 0,4% en Galicia en maio de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior e no conxunto de España aumenta un 2,8%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 6,0% mentres que no Resto de produtos aumentan un 1,9%.
- As vendas minoristas aumentan en catorce comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 13,6% en Galicia no mes de maio de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 15,5%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 3,0% en Galicia e do 2,1% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Asturias.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Maio 2022

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes



	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	100,9	0,4	-2,3
Xeral sen estacións de servizo	99,7	-1,5	-3,8
Alimentación	91,3	-6,0	-6,9
Resto	106,0	1,9	-1,9

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 0,4% en Galicia en maio de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior e no conxunto de España un 2,8%.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 1,5% en Galicia e crece un 1,0% en España respecto a maio de 2021. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 6,0% en Galicia e un 0,7% no conxunto de España.
- O Resto de produtos aumenta un 1,9% en Galicia e un 2,3% no conxunto do Estado.

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 2,3% en Galicia, taxa 3,4 puntos inferior á de España (1,1%). A Alimentación reduce as súas vendas un 6,9% en Galicia e un 1,4% no conxunto do Estado; no Resto de produtos as vendas caen un 1,9% en Galicia mentres que se manteñen estables en España (0,0%).

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -0,1%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en catorce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (15,7%) e Canarias (10,3%).

En tres comunidades autónomas diminúen as vendas: Asturias (-2,1%), Castilla – La Mancha (-1,6%) e País Vasco (-1,2%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Maio 2022

Taxas de variación en %




No que vai de ano, once comunidades incrementan as vendas, rexistrando as taxas máis elevadas Canarias (9,4%) e Illes Balears (8,2%).

Os maiores descensos rexístranse en País Vasco (-3,3%), Castilla – La Mancha (-2,9%) e Galicia (-2,3%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 13,6% en Galicia no mes de maio de 2022, e un 15,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 9,5% en Galicia e do 11,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 3,6% e no Resto de produtos un 14,2%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 9,2% das vendas en Alimentación e do 13,6% no Resto de produtos.



4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 3,0% no mes de maio en Galicia e do 2,1% no conxunto do Estado.

En media do que vai de ano, a ocupación crece un 3,4% en Galicia e un 2,5% en España.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en maio en todas as comunidades autónomas agás en Asturias (-0,6%).

Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (8,6%) e Canarias (3,8%) e Extremadura (3,3%).

Nos cinco primeiros meses do ano, os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (5,4%) e Cantabria (3,8%). Os menores incrementos danse en Asturias (0,4%) e Murcia (0,9%).

Índice xeral de ocupación. Maio 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Maio 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	120,8	13,6	9,8	100,9	0,4	-2,3
Xeral sen estacións de servizo	117,3	9,5	6,2	99,7	-1,5	-3,8
Alimentación	110,0	3,6	-0,3	91,3	-6,0	-6,9
Resto	122,4	14,2	11,5	106,0	1,9	-1,9
España						
Xeral	123,7	15,5	13,2	103,9	2,8	1,1
Xeral sen estacións de servizo	119,5	11,7	9,8	102,3	1,0	-0,4
Alimentación	118,9	9,2	5,5	99,0	-0,7	-1,4
Resto	119,8	13,6	13,3	105,0	2,3	0,0

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Maio 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	125,5	13,0	9,3	108,0	-0,1	-1,8
Xeral sen estacións de servizo	123,5	9,7	6,4	107,3	-1,6	-3,3
Alimentación	114,5	4,3	-0,2	95,7	-5,1	-6,7
Resto	129,2	11,8	11,0	115,6	0,3	-1,5
España						
Xeral	125,4	14,4	12,9	105,3	1,4	0,8
Xeral sen estacións de servizo	121,4	10,6	9,5	104,3	-0,2	-0,6
Alimentación	119,5	6,7	5,2	100,9	-2,0	-1,4
Resto	121,1	12,6	13,2	106,0	0,8	-0,1

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Maio 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	123,7	15,5	13,2	103,9	2,8	1,1
Andalucía	120,3	15,5	13,4	101,6	3,0	1,4
Aragón	118,6	14,7	13,2	98,8	1,1	-0,2
Asturias	110,6	10,6	9,7	93,3	-2,1	-2,0
Balears, Illes	139,4	28,9	20,9	118,2	15,7	8,2
Canarias	110,8	21,6	20,6	95,1	10,3	9,4
Cantabria	116,7	16,3	13,9	97,9	3,7	1,8
Castilla y León	116,9	19,3	16,2	96,4	4,6	2,5
Castilla-La Mancha	121,4	12,9	10,6	99,4	-1,6	-2,9
Cataluña	115,8	14,1	12,2	96,4	1,8	0,2
Comunitat Valenciana	125,8	13,9	13,3	106,6	1,7	1,1
Extremadura	112,3	17,9	14,8	94,8	4,8	2,7
GALICIA	120,8	13,6	9,8	100,9	0,4	-2,3
Madrid	147,3	16,1	13,5	124,6	3,5	1,8
Murcia, Región de	120,3	13,2	11,7	101,6	0,5	0,0
Navarra	123,0	15,3	12,4	102,0	2,4	-0,2
País Vasco	120,0	10,4	8,1	100,5	-1,2	-3,3
Rioja, La	123,1	14,9	14,7	102,6	1,8	1,7
Ceuta	87,8	10,9	6,0	74,9	-0,4	-3,9
Melilla	82,0	4,2	1,4	68,8	-7,4	-9,1

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Maio 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,7	3,0	3,4
Xeral sen estacións de servizo	104,4	2,9	3,4
España			
Xeral	104,1	2,1	2,5
Xeral sen estacións de servizo	104,1	2,1	2,5

Fonte:INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Maio 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,1	2,1	2,5
Andalucía	101,6	2,9	3,5
Aragón	104,2	1,1	1,8
Asturias	102,5	-0,6	0,4
Baleares, Illes	112,1	8,6	5,4
Canarias	103,0	3,8	3,3
Cantabria	102,2	2,5	3,8
Castilla y León	104,8	1,6	2,7
Castilla-La Mancha	103,3	2,6	2,1
Cataluña	102,7	1,6	2,1
Comunitat Valenciana	109,0	1,2	1,9
Extremadura	103,9	3,3	2,5
GALICIA	104,7	3,0	3,4
Madrid	104,6	1,5	2,2
Murcia	102,5	0,2	0,9
Navarra	102,8	1,7	2,5
País Vasco	105,0	1,7	1,9
Rioja, La	104,9	2,6	3,0
Ceuta	99,3	0,9	0,1
Melilla	100,0	1,0	0,9

Fonte: INE